

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 19 de decembro de 2022

Hora de comezo: 16:00 h

Hora de remate: 17:50 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Ángeles Parrilla Latas (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Valoración da adecuación aos requisitos xerais e á estratexia institucional das propostas de declaracións de interese de programas de doutoramento para implantar no curso 2024/25
4. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos titores e directores de teses nos cursos 2020/21 e 2021/22
5. Informe sobre o estudo de Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento 1995-2020
6. Implantación do SGC: aprobación das conclusións dos grupos de traballo: Mobilidade, Xestión de Persoal, Calidade e Mellora Continua
7. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, das actas da sesión anterior

Apróbase por asentimento as actas do 19/07/2022 e 28/09/2022.

2 Informe da presidencia

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas para implantar no 2023/24: O PD en Nanociencia e Biomedicina presentou a solicitude e estamos á resposta da ACSUG. A USC presentou a solicitude de modificación para o PD conxunto en Neurociencia e Psicoloxía Clínica. Os programas a implantar no 2024/25 preséntanse no punto 3.
- Renovación de acreditación: do curso 20/21 recibíronse todos os informes finais agás o de Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais, que recibiu o provisional. Do curso 21/22, o PD Análise Económica e Estratexia Empresarial recibiu tamén o informe provisional. Nos dous programas presentáronse alegacións. Dos programas que non coordinamos sabemos que ten o informe favorable os PD en Ciencia e Tecnoloxía Química, en Estatística e Investigación Operativa, en Métodos Matemáticas e Simulación Numérica en Enxeñaría e Arquitectura e en Eficiencia Enerxética.
- Seguimento 2022: seguimos á espera da resposta da ACSUG (PD Auga, sustentabilidade e desenvolvemento, e PD Creatividade e innovación social e sustentable).
- SGC: situación do sistema: xa están rematados todos os procesos. No punto 6 presentarase a conclusión dos últimos 3 procesos.
- Enquisa do observatorio aos egresados: Preséntase no punto 5.
- HR: no 2023 levarase a cabo o proceso de renovación do selo HR. A visita será no primeiro trimestre.

3 Valoración da adecuación aos requisitos xerais e á estratexia institucional das propostas de declaracións de interese de programas de doutoramento para implantar no curso 2024/25

Apróbase por asentimento validar as propostas de modificación (por cambios suxeridos no proceso de renovación da acreditación) dos PD en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables.

Tamén apróbase por asentimento validar a proposta de verificación do PD en Contabilidade (Universidad de Burgos (coordinadora), Universidade de Vigo, Universidad Autónoma de Madrid, Universidad Pablo de Olavide, Universidad de Cádiz.)

Respecto da proposta do Programa de Doutoramento en Xornalismo, Comunicación Audiovisual,

Publicidade e Relacións Públicas, a Comisión de calidade acorda por asentimento emitir un informe desfavorable, que traslada ao Comité de Dirección da EIDO, nos seguintes termos:

- Como fortaleza cabe destacar a experiencia investigadora acreditada polo profesorado propoñente.
- Atopáronse as seguintes debilidades:
 - o Liñas de investigación moi desagregadas en contradición coa tendencia marcada nas avaliacións da ACSUG. A temática coincide cun título xa existente na Universidade de Vigo (P.D. En Comunicación), cuxa CAPD trasladou as súas obxeccións á Comisión de Calidade.
 - o A solicitude está formada por 3 grupos de investigación. Un dos 3 grupos está presente completamente no actual programa de Comunicación, e 2 profesores dos outros grupos tamén.
 - o Das 10 teses que presentan, 8 son do programa actual de Comunicación e 3 delas non foron dirixidas polo profesorado propoñente.
- A condición establecida no artigo 4.7 do DECRETO 222/2011 e que no se autorizará un novo título se xa existe outro na súa Universidade cunha coincidencia dun 50%. As expectativas de éxito son, polo tanto, mínimas.

A Comisión de Calidade emite informe desfavorable en base aos motivos anteriores e recomenda canalizar a oferta formativa proposta nunha modificación do actual Programa de Doutoramento en Comunicación, que, pola outra banda, ten pendente realizar una modificación seguindo as recomendacións do informe de renovación de acreditación da ACSUG.

4 Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos titores e directores de teses nos cursos 2020/21 e 2021/22

O subdirector da EIDO informa sobre as enquisas de satisfacción realizadas aos directores e titores de tese:

- A porcentaxe de participación baixou ata un 42% fronte ao 53 % das enquisas anteriores. A baixada foi xeneralizada excepto nos programas que tiveran unha participación moi baixa.
- O resultado medio é moito mellor que nas veces anteriores. Pasouse do 3,65 no 2017/18 ao 3,88 no 2019/20 e finalmente ao 4,08 no 2021/22. Isto considérase moi positivo e supera claramente ao obxectivo de calidade do 3,75.
- Das 15 preguntas, en 10 supérase o 4 de media e outros 3 por riba do 3,75.
- Os peores resultados obtivéronse no apartado do mecanismo de recoñecemento do labor de dirección e titorización cun 3,45, e no apoio económico aos doutorandos cun 3,22.

5 Informe sobre o estudo de Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento 1995-2020

O subdirector informe que o Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo realizou un estudo de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento entre os anos 1995 e 2020. Este estudo pode consultarse en <http://observatorio.uvigo.gal/insercion-laboral/informes/insercion-laboral-doutoramento-1995-2020/>

A poboación de titulados entre os anos 1990 e 2020 é de 2843 persoas. Como é necesario obter o permiso de cada titulado para poder contactar con eles para unha enquisa, a mostra final da Base de Datos do Observatorio foi de 505 persoas, sendo un 56,4% mulleres. O 69,4% destes titulados reside en Galicia e un 20,5% fora de España.

O 95% dos entrevistados traballa, chegando ao 100% na rama de coñecemento. O 93,8% traballa por conta allea. O 70,1% traballa no ámbito público e o 22,4% en empresa privada.

O 92,5% considera que o seu emprego está relacionado cos seus estudos, e o 80,5% considera que o seu emprego es adecuado ao nivel académico.

6 Implantación do SGC: aprobación das conclusións dos grupos de traballo: Mobilidade,

Xestión de Persoal, Calidade e Mellora Continua

Conclusións do grupo de traballo en Mobilidade:

- A ORI estudiará a posibilidades de que a convocatoria de Erasmus sexa flexible en prazos de solicitude.
- A ORI e a EIDO estudiarán a posibilidade de que as axudas de viaxe e de Erasmus sexan compatibles
- Os estudantes de doutoramento tamén poden ir de estadía a empresas usando a convocatoria de prácticas de Erasmus
- Tanto en programas de mobilidade como en estadías é importante a autorización previa da CAPD e que os estudantes comuniquen á Área académica que están fora
- Farase un formulario sinxelo para poder avisar que se van fora da Universidade
- É importante que os estudantes saíntes conten cunha seguro de viaxe
- En programas de mobilidade saíntes debe cambiarse a responsabilidade da CAPD pola EIDO, xa que debe ser esta ou unha comisión en quen delegue a que realice a selección
- Nas estadías entrantes cambios bastante o procedemento xa que se aprobou o Regulamento de persoal investigador visitante, que cambiou como se pide o permiso, que ten que pagar taxas, que se matricula nun programa ou no xenérico Visitantes e que é obrigatorio ter seguro
- Para poder certificar a cotutela, é necesario que os estudantes entrantes usen o procedemento descrito no Regulamento de persoal investigador visitante aínda que eles non pagan as taxas
- A ORI enviarán á EIDO os datos das enquisas de satisfacción dos estudantes de doutoramento saíntes
- As CAPD farán na reunión de marzo-abril unha análise da mobilidade do curso anterior

Conclusións do grupo de traballo en Xestión de Persoal:

- Establecemento dun calendario para a revisión do cadro docente. Unha vez ao ano, solicitar ás CAPD (reunión de marzo-abril) que revisen o seu cadro docente se o seu porcentaxe de sexenios vivos estaba cerca do límite. Esta información irá á Permanente da EIDO que a revisará.
- Nos restantes casos, chequeo do cadro docente antes dos seguimentos ou renovación da acreditación.
- Solicitar ao equipo de goberno que estude engadir un recoñecemento da labor do titor (reducindo se é preciso o recoñecemento ao director). A EIDO analizará cantos titores non son directores. Tamén solicitarase estudar a posibilidade de concentrar o recoñecemento non único ano.
- Identificación por parte das CAPD das necesidades formativas dos docentes na reunión de marzo-abril.
- Consolidación por parte da Comisión de calidade das necesidades formativas docentes
- Xestión por parte da EAFP en colaboración coa EIDO da formación aos docentes.
- Recuperar as actividades formativas do PAS, especialmente co aprendizaxe do inglés. Recoller as necesidades de formación, xuntalas nun Plan de formación e Consolidalo na Comisión de Calidade.
- Mellorar a estrutura organizativa, a dotación de persoal e a formación do PAS que atende ao doutoramento nos Campus de Ourense e Pontevedra

Conclusións do grupo de traballo en Calidade e Mellora Continua:

- Potenciar a calidade (Sistema de QSP/Satisfacción): xornadas de acollida (novos estudantes) da Eido e das CAPD + actividades de sensibilización canalizadas polas CAPD (responsable de calidade) dinamizadas polos servizos centrais (EIDO, Calidade, UAP)
- Resultados de QSP (anuais): analizar a mellor forma de tratar e poñer a disposición das CAPD a información desagregada
- Programas interuniversitarios --> CAPD: necesidade de consolidar a información sobre as QSP recibidas nas distintas universidades (PD coordinados UVigo) ou trasladar a info á universidade coordinadora para os procesos de seguimento e acreditación
- Consolidar na Comisión de calidade a análise destes procesos:
 - información das QSP proporcionada polas CAPD e pola UAP (EIDO / Posgrado)

- información de Satisfacción proporcionada pola Área de Calidade + información das análises das CAPD sobre as enquisas de satisfacción
- Potenciar a difusión das enquisas (mensaxes, novas canles...?)
- Estratexias para incrementar a participación: trasladar de xeito directo os resultados das enquisas aos colectivos implicados (estudantes, PDI..). Ferramentas de visualización e personalización de datos
- Trasladar os resultados das accións de mellora realizadas (Moovi?)
- Analizar anualmente os resultados das enquisas de satisfacción nas CAPD (información enviada pola EIDO): reunión de marzo
- Consolidar na Comisión de calidade as análises das CAPD sobre as enquisas de satisfacción
- Elaboración da proposta de calendario no ciclo 2023/2026 de deseño de medición de satisfacción
- Competencias adquiridas polos egresados e contraste coas necesidades laborais: tratar co Observatorio

Apróbanse por asentimento as conclusións dos grupos de traballo.

7 Rolda aberta de intervencións

O responsable de calidade dos PD do ámbito Científico dá os parabéns polo traballo realizado. O director agradece o xesto.

ACORDOS

1 Valídanse as propostas de modificación dos PD en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables e a proposta de verificación do PD en Contabilidade (Universidad de Burgos (coordinadora), Universidade de Vigo, Universidad Autónoma de Madrid, Universidad Pablo de Olavide, Universidad de Cádiz).

2 Non se valida a proposta de Doutoramento en Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade e Relacións Públicas.

3 Apróbanse as conclusións dos grupos de traballo Mobilidade, Xestión de Persoal e Calidade e Mellora Continua

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente